

NORMATIVA XERAL PARA O ACCESO Ó GRAO MEDIO

Extracto do Decreto 203/2007, do 27 de setembro, poloque se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música.

Artigo 11º.-Acceso ao primeiro curso.

1. Para acceder ao primeiro curso do ensinanzas profesionais de música cumplirá superar unha proba específica de acceso. Mediante esta proba valorarase a madureza, as aptitudes e os coñecementos para cursar con aproveitamento as ensinanzas profesionais, de acordo cos obxectivos establecidos neste decreto.
2. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria regulará o procedemento de acceso ao primeiro curso, que se axustará ao disposto nos puntos seguintes.
3. Para todas as especialidades, agás para a de canto, a devandita proba consistirá en:
 - a) Interpretación, no instrumento da especialidade a que opte, de tres obras pertencentes a distintos estilos, das cales, como mínimo, unha deberá interpretarse de memoria. Este exercicio cualificarase de cero a dez puntos e cumplirá unha cualificación mínima de cinco puntos para o superar.
 - b) Exercicio para avaliar a capacidade auditiva do alumnado e os seus coñecementos teóricos e prácticos da linguaxe musical. Este exercicio cualificarase de cero a dez puntos, e cumplirá unha cualificación mínima de cinco puntos para o superar.
4. Para a especialidade de canto, a proba consistirá en:
 - a) Interpretación de tres obras de diferentes estilos, libremente elixidas pola persoa aspirante, das cales unha será de repertorio lírico. Este exercicio cualificarase de cero a dez puntos e será precisa unha cualificación mínima de cinco puntos para o superar.
 - b) Exercicio para avaliar a capacidade auditiva do alumnado e os seus coñecementos teóricos e prácticos da linguaxe musical. Este exercicio cualificarase de cero a dez puntos, e cumplirá unha cualificación mínima de cinco puntos para o superar.

5. A puntuación definitiva da proba citada nos puntos anteriores será a media ponderada da cualificación obtida en ambos os exercicios. Para estes efectos ponderarase o primeiro deles nun 70 por cento, e o segundo nun 30 por cento.
6. A superación da proba de acceso faculta exclusivamente para se matricular no curso académico en que fose convocada.

Artigo 12º.-Acceso a outros cursos.

1. Poderase acceder a calquera outro curso das ensinanzas profesionais sen ter cursado os anteriores sempre que, a través dunha proba, a persoa aspirante demostre posuír os coñecementos necesarios para cursar con aproveitamento as ensinanzas correspondentes.
2. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria deberá regular o procedemento de acceso a calquera outro curso, que se axustará ao disposto nos puntos seguintes.
3. Esta proba constará de dous exercicios:
 - a) Interpretación, no instrumento ou coa voz, de tres obras de diferentes estilos, do nivel correspondente ao curso inmediatamente anterior ao que se opte e das cales, como mínimo, unha deberá interpretarse de memoria. Este exercicio cualificarase de cero a dez puntos, e cumplirá unha cualificación mínima de cinco puntos para o superar.
 - b) Exercicio teórico-práctico para valorar os coñecementos das materias dos cursos anteriores a que se opte. Este exercicio cualificarase de cero a dez puntos, e cumplirá unha cualificación mínima de cinco puntos para o superar.
4. A puntuación definitiva da proba citada nos puntos anteriores será a media ponderada da cualificación obtida en ambos os exercicios. Para estes efectos ponderarase o primeiro deles nun 70 por cento, e o segundo nun 30 por cento.
5. A superación da proba de acceso faculta exclusivamente para se matricular no curso académico en que fose convocada.

Artigo 13º.-Admisión de alumnado.

A admisión de alumnado estará sometida aos principios de igualdade, mérito e capacidade, e supeditada ás cualificacións obtidas nas probas de acceso a que se refiren os artigos 11º e 12º deste decreto.